



Padrón



XXXVIII CARREIRA POPULAR DE PASCUA

A Concellería de Deportes de Padrón organiza o sábado 15 de abril de 2017 a partir das 10:45 horas, a XXXVIII edición da súa Carreira de Pascua que se disputará na proba absoluta sobre unha distancia de 10,5 km. As probas levaranse a cabo na localidade de Padrón e estarán baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo. As probas estarán suxeitas o seguinte:

REGULAMENTO

1. PARTICIPACIÓN

Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha única clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

2. CATEGORIAS DE PARTICIPACION

- × **PITUFOS:** atletas nados no 2013 e posteriores*
- × **PREBENXAMÍN:** atletas nados nos anos 2010, 2011 e 2012*
- × **BENXAMÍN:** atletas nados nos anos 2008 e 2009
- × **ALEVÍN:** atletas nados nos anos 2006 e 2007
- × **INFANTIL:** atletas nados nos anos 2004 e 2005
- × **CADETE:** atletas nados nos anos 2002 e 2003
- × **XUVENIL:** atletas nados entre 2000 e 2001
- × **JUNIOR/PROMESA** atletas nados entre 1993 e 1999
- × **SENIOR:** atletas nados en 1992 e ata veteranás
- × **VETERÁN A MASCULINO:** atletas nados entre 1972 e 1982
- × **VETERANA A FEMENINO:** atletas nados entre 1972 e 1982
- × **VETERÁN B MASCULINO:** atletas nados entre 1962 e 1971
- × **VETERANA B FEMENINO:** atletas nadas en 1971 e anteriores
- × **VETERÁN C MASCULINO:** atletas nados en 1961 e anteriores

*** As categorías Pitufo e Prebenxamín non son categorías federadas**

3. DISTANCIAS E HORARIOS:

A SAÍDA DAS PROBAS ESTARÁ SITUADA NA PRAZA DE MACÍAS na localidade de Padrón.

Os horarios das probas e distancias resúmense no seguinte cadro:

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA
10:45 h	PITUFOS	100 m aprox.
11:00 h	PREBENXAMÍN	450 m aprox.
11:07 h	BENXAMÍN	700 m aprox.
11:15 h	ALEVIN – INFANTIL	2000 m aprox.
11:30 h	CADETE – XUVENIL	3500 m aprox.
12:00 h	JUNIOR-PROMESA / SENIOR e VETERÁN	10,5 km aprox.
13:15 h	ENTREGA DE PREMIOS (PRAZA DE MACÍAS)	

O percorrido da proba absoluta estará indicado, controlado e sinalizado cada kilómetro. A organización contará coa colaboración dos organismos municipais competentes, que regularán o tráfico ao longo do percorrido.

4. INSCRICIÓNS

ADULTOS: ata o mércores 12 de abril ás 23:59 horas na web www.emesports.es

PREZO: 6,00 € (de junior/promesa a veteranos)

PROBAS ESCOLARES: ata o mércores 12 de abril ás 23:59 horas na web

www.emesports.es

AS INSCRICIÓNS NAS PROBAS ESCOLARES SON GRATUITAS (de pitufo a xuvenil)

Non se aceptarán inscricións fora do prazo establecido, con datos incompletos ou sen todos os datos obrigatorios.

5. RETIRADA DE DORSAIS e CHIPS

Realizarase o día da proba nunha carpa situada no PASEO DO ESPOLÓN a partir das 09.45 horas e ata media hora antes do inicio de cada proba.

CONTROL CON CHIP:A proba de adultos estará controlada a través dun CHIP que se entregará a cada corredor no momento da recollida do dorsal e que deberá colocarse na zapatilla antes da saída da súa proba.

Todos os corredores teñen a obriga de devolver o chip o finalizar a súa proba

DESCUALIFICACIÓNS: Todo corredor/a que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado na zona anterior do corpo ou que incumpra as normas establecidas nos

regulamentos RFEA e FGA referentes a probas en ruta, será descalificado a criterio do Xuíz Árbitro da Competición.

Todas as reclamacións deberán ser dirixidas ao xuíz árbitro da competición con prazo máximo de 30 minutos despois da publicación dos resultados da proba en cuestión.

6. TROFEOS E PREMIOS

- ✓ Trofeos aos 3 primeiros/as corredores/as de cada categoría establecida por idade e sexo.
- ✓ Trofeo aos tres primeiros equipos masculinos e femininos clasificados na clasificación final.
- ✓ TROFEO ESPECIAL DE PASCUA aos 3 primeiros/as clasificados/as da proba absoluta.
- ✓ Medallas a tódolos participantes nas probas escolares.

> PREMIOS ESPECIAIS

- ✓ Trofeo ao 1º/1ª corredor/a local.
- ✓ *Trofeo participación*, ao colexio/clube con máis corredores inscritos que logren finalizar as probas.
- ✓ Trofeo Superveterán ao corredor de maior idade que logre finalizar a proba.
- ✓ Trofeo Superveterana á corredora de maior idade que logre finalizar a proba.
- ✓ Trofeo Benxamín (trofeo ao corredor/a de menor idade)

OS PREMIOS NON SERÁN ACUMULATIVOS (agás os dos corredores/as locais).

Entregarase un agasallo conmemorativo do evento a cada participante.

PREMIOS EN METÁLICO A CLUBES

Categoría masculina

- > 1º Equipo Clasificado: 200 €
- > 2º Equipo Clasificado: 150 €
- > 3º Equipo Clasificado: 100 €

Categoría feminina

- > 1º Equipo Clasificado: 200 €
- > 2º Equipo Clasificado: 150 €
- > 3º Equipo Clasificado: 100 €

A clasificación por clubs na categoría masculina será establecida a través dos 10 primeiros corredores en cruzar a liña de meta, pola suma dos seus postos, gañando o equipo que menos puntos acade. En caso de empate gañará o equipo que mellor clasifique o seu 10º compoñente.

A clasificación por clubs na categoría feminina será establecida a través das 10 primeiras corredoras en cruzar a liña de meta, pola suma dos seus postos, gañando o equipo que menos puntos acade. En caso de empate gañará o equipo que mellor clasifique a súa 10ª compoñente.

Os clubs poderán ser masculinos ou femininos, pero non poderán ser mixtos.

O PAGAMENTO DOS PREMIOS EN METÁLICO REALIZARASE POR TRANSFERENCIA BANCARIA, PARA O CAL É OBRIGATORIO, UNHA VEZ QUE REMATEN AS PROBAS, QUE OS CLUBES PREMIADOS CUBRAN UN DOCUMENTO COS DATOS REQUERIDOS (PRESENTACIÓN DO CIF OU DOCUMENTO ACREDITATIVO DA IDENTIDADE, ENTIDADE BANCARIA, Nº DE CONTA, DOMICILIO E TLF DE CONTACTO).

Os premios en metálico estarán suxeitos as correspondentes retencións legais.

SÓ SE ADMITIRÁ A PARTICIPACIÓN DE CLUBES FEDERADOS NOS PREMIOS EN METÁLICO, que terán que remitir o listado dos atletas co selo oficial da Federación Galega de Atletismo ou no seu defecto da Delegación correspondente ó correo FGAsantiago@gmail.com no prazo de inscrición da proba absoluta. Na confección do clube non poderán entrar atletas pertencentes a outros clubs nin filiais do mesmo. Os atletas deberán estar previamente inscritos individualmente na web www.emesports.es.

ENTREGA DE PREMIOS

A entrega de premios realizarase ó finalizar a derradeira proba (13:15 h aprox.) na **Praza de Macías**. Poderase solicitar o DNI se a organización o estima oportuno para a recollida dos premios.

7. OUTRAS CONSIDERACIÓN REGLAMENTARIAS

- Habrá servizo de duchas nos Polideportivos do Souto (só para homes) e do Grupo Escolar (para homes e mulleres). O horario de apertura de ambos será de 11:00 h a 14:00 h.

- Tlf. de información: **981 811 329** en horario de 9.00 a 14.00 horas.

- DEREITOS DE IMAXE: O participante autoriza o uso de fotografías propias sempre que o seu uso garde relación co evento no que se subscribe. Coa realización da inscrición o participante admite que o organizador, poida facer uso da imaxe de todos os participantes en calquera formato xa sexa gráfico ou dixital e en todas as súas formas (vídeo, foto, DVD, internet, carteis, medios de comunicación etc.).

Todos os dereitos de imaxe, pertencen á organización ou organizador (Concello de Padrón).

- A participación implica a total aceptación deste regulamento, e o descoñecemento do mesmo non exime do seu obrigado cumprimento. A organización resérvase o dereito a modificar o mesmo de cara a garantir o correcto desenvolvemento da proba.

Poderán consultar os resultados oficiais e toda a información relativa ás probas nas webs:

- www.emesports.es
- www.carreirasgalegas.com
- www.fgatletismo.es/santiago/
- www.atletismogalego.org
- www.correrengalicia.org

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow 13 – 15008 A Coruña.